

PMC/rcr

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO PATROCINIO DEPORTIVO DO CAMPIONATO EUROPEO DE CICLOCROS 2024

Exp. núm.: 2024057008

A presente memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na providencia de inicio do servizo solicitante, de data 28 de agosto de 2024 (CSV: VUK24CLYBPARRRZA).

1. Servizo solicitante:

Deportes

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36.1.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenrolo económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, e así mesmo o artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Entre os obxectivos que inclúe a Lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as Deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Así mesmo, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, define o contrato de patrocinio publicitario como “aquele polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

A técnica de patrocinio pode definirse como un instrumento de comunicación comercial que conecta directamente á organización que patrocina, neste caso a Deputación de



Pontevedra, cun acontecemento atractivo para os seus intereses institucionais, logrando así impacto entre un público determinado previamente definido que lle resulta de interese para conseguir os obxectivos fixados no seu plan de comunicación.

Na RP nº 2020000353 aprobada polo servizo de comunicación para regular os contratos de patrocinio establécese que en función dos obxectivos que se fixe a Deputación de Pontevedra, dispón de tres modalidades distintas de patrocinio, unha delas é o patrocinio de imaxe, onde o obxectivo é reforzar ou construír unha imaxe de marca, provocando unha forte asociación entre o acontecemento e a marca.

Tendo en conta as liñas marcadas pola Resolución anterior, vemos que este tipo de contratos deportivos encádranse dentro das liñas de actuación de patrocinio marcadas.

Considerando que a área de deportes da Deputación de Pontevedra estableceu entre as súas prioridades estratéxicas a promoción e fomento do deporte, así coma o turismo deportivo, co claro obxectivo de dinamizar, transformar e modernizar dito sector no ámbito do deporte e do turismo.

Nesta liña, a Deputación aposta pola celebración de eventos deportivos de gran relevancia, na que se inclúen as probas de carácter internacional, nesta ocasión levarase a cabo o European Championship 2024 de ciclocrós en Pontevedra, un dos eventos de ciclocrós máis importantes do calendario internacional, que reunirá nas beiras do Lérez a máis de 900 participantes chegados de todos os recunchos do vello continente e do que sairá o campión de Europa.

Todo isto, fará desta cita ca provincia de Pontevedra se converta na capital do motociclismo a nivel mundial e o escaparate idóneo da nosa provincia e dos seus concellos.

A realización de este tipo de eventos na provincia de Pontevedra considérase unha actividade de interese para a Deputación de Pontevedra, xa que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo para fomentar o deporte base e cumpre unha función representativa e de reputación xeral do deporte na provincia.

Na actualidade o servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra non conta cos medios propios necesarios para levar a cabo este tipo de eventos deportivos, pero si pode plasmar o seu apoio e así poder cumprir cos seus fins e os seus ámbitos competenciais.

Por todo o exposto, a realización deste tipo de eventos na provincia de Pontevedra considérase unha actividade de interese para a Deputación de Pontevedra, xa que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo para fomentar o deporte base e cumpre unha función representativa e de reputación xeral do deporte na provincia.



3. Obxecto do contrato:

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 13/2012 define con precisión a figura do contrato de patrocinio realizado por unha Administración Pública, no seguinte sentido:

“Tiene por objeto una publicidad de carácter indirecto que se ha dado en llamar «retorno publicitario», y que consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen.

El patrocinado es una persona física o jurídica que no necesariamente tiene que desarrollar una actividad profesional, al contrario de lo que ocurre en el contrato de publicidad que se concierta con una agencia publicitaria, o en el contrato de difusión publicitaria, en el que el contratista necesariamente es un medio de difusión.

El contrato de patrocinio, aún en el caso de ser celebrado por una Administración Pública, tiene la consideración de contrato privado, pues el patrocinado, como se ha expuesto anteriormente no es una empresa dedicada a los servicios publicitarios, lo que excluye la posibilidad de considerarlo como contrato administrativo de servicios, y tampoco puede ser considerado como un contrato administrativo especial, ya que no resulta vinculado al giro o tráfico”.

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no Informe 7/2018, entende que neste caso non estamos ante un contrato de servizos, senón ante un contrato privado dos do artigo 26.1a) da LCSP, xa que o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como administrativo de servizos e tampouco pode ser considerado como administrativo especial, xa que as súas prestacións non están vinculadas ao xiro ou tráfico da administración, non satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública específica. Asemade, conclúe que a súa adxudicación pode facerse mediante un procedemento negociado sen publicidade ao amparo artigo 168a) 2º da LCSP, ou tratarse como contrato menor.

Outro aspecto relevante nos contratos de patrocinio é a valoración do retorno que coa actividade se consegue pola Deputación. Neste sentido a Sentenza de 22.01.2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 de Oviedo anula un contrato de patrocinio por tratarse dunha subvención encuberta xa que non se trataba realmente dun contrato de patrocinio (incoado mediante un procedemento negociado sen publicidade), senón



que se pretendía apoiar unha determinada actividade que a administración consideraba favorable para os intereses públicos.

Considerando a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade define no artigo 22 contrato de patrocinio publicitario como aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador. Polo tanto, o patrocinado non exerce a publicidade como actividade profesional, senón que a súa contraprestación se centra na realización da súa actividade, durante a que leva a cabo a publicidade e a cambio recibe unha contraprestación económica.

Considerando o artigo 26 LCSP, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.ª e 2.ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Réxime xurídico:	<input checked="" type="checkbox"/> PRIVADO
Tipo:	<input type="checkbox"/> OBRA <input checked="" type="checkbox"/> SERVIZO <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVIZOS <input type="checkbox"/> MIXTO
Regulación harmonizada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Obxecto e contido:	<p>O obxecto do contrato é establecer as condicións e actuacións en materia de publicidade e patrocinio entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Ciclismo con CIF G36644870, para o patrocinio do Campionato de Europa de Ciclocrós 2024 que se celebrará desde o 1 ao 3 de novembro.</p> <p>As obrigas en materia de publicidade correspondentes co contrato de patrocinio inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inclusión do logotipo da Deputación de Pontevedra en todos os materiais promocionais do evento (carteis, folletos, sitio web etc.) - Logos e imaxe da Deputación de Pontevedra en zona de arco de saída e meta.



	<ul style="list-style-type: none"> - Mención en todas as comunicacións oficiais relacionadas co evento. - Cuña publicitaria na cadea Ser. - Espazo publicitario no lugar do evento para a colocación de pancartas e outros elementos promocionais da Deputación sendo estas: 6 bandeiras, 20m de lonas, 4 inchables. - Inclusión do logotipo da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais do evento. - Mención á Deputación nas redes sociais específicas do evento: Instagram, Facebook, cxpontevedra, web cxpontevedra.com, incluíndo publicacións específicas destacando a colaboración. - Invitación á presentación e discurso durante a cerimonia de apertura e clausura do evento. - Acceso a unha caseta na zona de exposición do evento para a promoción de produtos ou servizos. - 10 entradas VIP para cada día, con acceso a áreas exclusivas e servizos adicionais. - Retransmisión en directo do último día do campionato por Eurosport onde sairán imaxes da provincia. - Publicidade nas zonas e obstáculos con maior afluencia de público do circuíto, con lonas e bandeirolas estratexicamente posicionadas, para un bo tiro de cámara durante as retransmisións de TV en directo para máis de 20 países - Streaming na plataforma dixital, durante todo o campionato con publicidade directa da Deputación de Pontevedra. 				
CPV:	92621000-0 Servicios de promoción de espectáculos deportivos				
Lotes:	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 30%; text-align: center;"><input type="checkbox"/> SI</td> <td style="text-align: center;">-</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;"><input checked="" type="checkbox"/> NON</td> <td> <p>Xustificación:</p> <p>O xefe do servizo de Cultura mediante providencia de inicio de expediente, de data 28/08/2024, indica que non procede a división en lotes por non ser posible realizalo de forma independente ao ter a exclusividade do campionato a Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.</p> <p>Consta no expediente certificado de exclusividade da Federación Galega de Ciclismo para a organización do campionato (CSV: 5IGAYWTW213RH0TA).</p> </td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> SI	-	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<p>Xustificación:</p> <p>O xefe do servizo de Cultura mediante providencia de inicio de expediente, de data 28/08/2024, indica que non procede a división en lotes por non ser posible realizalo de forma independente ao ter a exclusividade do campionato a Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.</p> <p>Consta no expediente certificado de exclusividade da Federación Galega de Ciclismo para a organización do campionato (CSV: 5IGAYWTW213RH0TA).</p>
<input type="checkbox"/> SI	-				
<input checked="" type="checkbox"/> NON	<p>Xustificación:</p> <p>O xefe do servizo de Cultura mediante providencia de inicio de expediente, de data 28/08/2024, indica que non procede a división en lotes por non ser posible realizalo de forma independente ao ter a exclusividade do campionato a Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.</p> <p>Consta no expediente certificado de exclusividade da Federación Galega de Ciclismo para a organización do campionato (CSV: 5IGAYWTW213RH0TA).</p>				



Admisión de variantes:	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON
-------------------------------	---

4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración irá dende a formalización do contrato ata a finalización do campionato, o día 03 de novembro de 2024.

Prórroga/s: SI NON

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

Custos totais	82.644,63 €
IVE (21%)	17.355,37 €
TOTAL:	100.000,00 €

6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

1. Orzamento base de licitación sen IVE:	82.644,63 €
2. Modificacións (sen IVE):	
a) Modificacións á alza previstas:	-
b) 10 % exceso de medicións/variacións do número de unidades:	-
3. Primas ou pagamentos ás/aos licitadoras/es (sen IVE):	-
4. Eventuais opcións e/ou prórrogas (sen IVE):	-
TOTAL:	82.644,63 €

7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS



O importe do prezo imputable ás obrigas en materia de publicidade cuantifícase nas seguintes porcentaxes:

Inclusión do logotipo da Deputación de Pontevedra en todos os materiais promocionais do evento (carteis, folletos, sitio web etc.)	5 %
Logos e imaxe da Deputación de Pontevedra en zona de arco de saída e meta.	5 %
Mención en todas as comunicacións oficiais relacionadas co evento.	5 %
Cuña publicitaria na cadea Ser.	5 %
Espazo publicitario no lugar do evento para a colocación de pancartas e outros elementos promocionais da Deputación sendo estas: 6 bandeiras, 20m de lonas, 4 inchables.	5 %
Inclusión do logotipo da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais do evento.	5 %
Mención á Deputación nas redes sociais específicas do evento: Instagram, Facebook, cxpontevedra, web cxpontevedra.com, incluíndo publicacións específicas destacando a colaboración.	5 %
Invitación á presentación e discurso durante a cerimonia de apertura e clausura do evento.	5 %
Acceso a unha caseta na zona de exposición do evento para a promoción de produtos ou servizos.	5 %
10 entradas VIP para cada día, con acceso a áreas exclusivas e servizos adicionais.	5 %
Retransmisión en directo do último día do campionato por Eurosport onde sairán imaxes da provincia.	30 %
Publicidade nas zonas e obstáculos con maior afluencia de público do circuíto, con lonas e bandeirolas estratexicamente posicionadas, para un bo tiro de cámara durante as retransmisións de TV en directo para máis de 20 países	5 %
Streaming na plataforma dixital, durante todo o campionato con publicidade directa da Deputación de Pontevedra.	15 %

No caso de que non se cumpra algunha das prestacións a satisfacción da administración descontarase a porcentaxe relacionada.

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

O prezo do contrato farase efectivo contra a presentación dunha única factura polo prezo de adxudicación do contrato.



Coa factura entregarase unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.

8. Procedemento:

a. Tramitación: ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE DE EMERXENCIA

b. Xustificación da urxencia ou emerxencia:

NON PROCEDE.

c. Órgano competente:

PRESIDENTE*

*Competencia delegada na DEPUTADA DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, MOBILIDADE E CONTRATACIÓN (Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos distintos centros e áreas de servizo).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento, de delegación das competencias da Presidencia).

PLENO.

d. Procedemento de adxudicación:

ABERTO

LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN

ABERTO SIMPLIFICADO

NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP)

DIÁLOGO COMPETITIVO

RESTRINXIDO

ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Suposto do artigo 167 LCSP.

Suposto do artigo 168 LCSP.

Concorrenza das condicións do artigo 159.1 LCSP.

Suposto do artigo 177 LCSP.

Concorrenza das condicións do artigo 159.6 LCSP.

Xustificación: Maior axilidade.

Solicitado polo Servizo Xestor.



A sección de Deportes na súa proposta indica que a este contrato non se lle vai dar publicidade, posto que se levará a cabo en exclusividade ca Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870). Incorpórase ao expediente certificado de exclusividade da Federación Galega de Ciclismo para a organización do campionato (CSV: 5IGAYWTW213RH0TA).

9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

Criterio de solvencia económico-financiera: Volume anual de negocios (art.87.1 LCSP)

Determinación: Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato (82.644,63 € x 1,5 = 123.966,94 €).

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Nos casos nos que non sexa posible a xustificación mediante o indicado anteriormente, admitirase xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente.

Criterio de solvencia técnica ou profesional:

- Relación das obras executadas no curso dos derradeiros cinco anos (art.88.1 a) LCSP)
- Relación das principais subministracións realizadas no curso dos derradeiros tres anos (art.89.1 a) LCSP)
- Relación dos principais servizos ou traballos realizados no curso dos derradeiros tres anos (art.90.1 a) LCSP)



Determinación: Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo do anexo IV do PCAP).

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato ($82.644,63 \text{ €} \times 0,7 = 57.851,24 \text{ €}$).

Nos contratos de servizos, cando a contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de servizos substituirase por:

Títulos académicos e profesionais do responsable ou responsables da execución do contrato, así como dos técnicos encargados directamente da mesma.

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación, coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.

Esta necesidade de solvencia indicárase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

10. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

- SI: Mellor relación calidade-
prezo SI: Mellor relación custe-eficacia NON

Unicamente se establece o prezo.



b. Xustificación:

De conformidade co previsto na cláusula 13.3 da parte xeral do presente prego, e co disposto o artigo 29.4 da Directiva 2014/24/UE, o órgano de contratación adxudicará o contrato sobre a base das ofertas iniciais presentadas sen que medie negociación.

As actuacións do patrocinio encóntranse definidas totalmente no PPT.

c. Fórmula:

Establécese nos pregos.

NON PROCEDE.

d. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo.

NON PROCEDE.

e. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

II. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.



12. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDEMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SARA: En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.

En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do



contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP): 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA: 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.

O que se informa aos efectos oportunos.

(Documento asinado electronicamente).

